


Adiante con ideas claras



bngmorana.org
facebook.com/bngmorana
Twitter: @bngmorana
Instagram: bngmorana
bngdemorana@gmail.com



Agora

Coas
Ideas
Claras

Morana



Marcos Suárez

Ideas claras dos #ConcellosBNG



Vilas e cidades para as persoas.

Concellos pensados para a calidade de vida, a convivencia, a seguridade, a saúde.



Boa xestión.

Transparente e rigorosa cos recursos públicos e eficaz, áxil e solvente cara a veciñanza.



Mellores servizos.

Bos servizos públicos á veciñanza e garantía de equidade no acceso.

Apoio á actividade económica.

Con criterio e intelixencia, desde o desenvolvemento local, con apoio ao talento e as boas ideas.




A igualdade de xénero como prioridade.

Concellos feministas, que fan da igualdade de xénero unha prioridade.

Compromiso medioambiental.

Concellos que coidan e defenden o territorio desde a sustentabilidade.



Democracia e dereitos.

Para máis convivencia, cohesión social e dereitos para todas e todos.

Concellos galegos.

Que impulsan e apoian activamente a nosa lingua, cultura e patrimonio.

Unha Moraña Nova para Vivir

Ofreceremos á veciñanza espazos e servizos públicos que o fagan atractivo para vivir e gozar. Desenvolveremos programas de mobilidade. Un concello seguro. Un centro urbano agradábel, sen barreiras arquitectónicas, con mobiliario actual. Desenvolvemento da Explanada de Mos. Parroquias con servizos e equipamentos, desenvolvendo a concentración parcelaria. Prevención e protección contra incendios forestais.

Moraña para as Persoas

Un concello social, en igualdade e libre de machismo e violencia, que teña en conta ás persoas maiores, á mocidade e á infancia. Un concello activo e plural, con amplo ocio cultural e deportivo anual e universal. Fortaleceremos o Servizo de Axuda no Fogar, Xantar na Casa, Lavandaría a Domicilio e Acollemento Familiar, para amplialos a máis persoas. A mocidade será motor do concello. Apoio as súas iniciativas e ao tecido asociativo.

Moraña Moderna e Dinámica

Actuaremos para acadar un desenvolvemento ordenado e respectuoso co medio ambiente. Promocionaremos a economía local, aproveitando a riqueza paisaxística, patrimonial, cultural, comercial e gastronómica, fomentando o turismo, comercio local, hostalaría e tecido empresarial.

Máis e Mellores Servizos Públicos

Queremos servizos de calidade, universais e gratuítos, con recursos e persoal suficiente. Investimentos para dotacións dignas nos centros educativos e sanitarios, instalacións culturais e deportivas. Acceso ás novas tecnoloxías para toda a veciñanza e o tecido comercial e industrial.

Moraña Sustentábel

Integración no Plan Revitaliza de Compostaxe, e plans de reciclaxe, reutilización e redución do lixo. Saneamento integral dos cursos e ecosistemas fluviais. Erradicación de vertidos incontrolados e creación e xestión dun Punto Limpo.